

## Sobre a función da concordancia. Consideracións a propósito das concordancias verbais anómalas\*

Francisco Antonio Cidrás Escáneo  
Universidade de Santiago de Compostela

A concordancia é un mecanismo gramatical presente nunha enorme cantidade de linguas do mundo e, como sempre resultou patente pola longa tradición gramatical que arrastra, é un fenómeno que non se pode obviar á hora de construír unha teoría que dea conta do funcionamento desas linguas. De feito sempre se entendeu -ou sobreentendeu- que se trataba dun mecanismo de grande importancia e rendibilidade, pero sempre, ou case sempre, foi tratada dun xeito marxinal, mesmamente por xulgarse noção, a forza de familiar, obvia. Consabida a concordancia elemento fundamental para delimitar magnitudes funcionais básicas de gramática (como é nomeadamente o caso da función suxeito coa concordancia verbal), pásase, coa punta dos pés unhas veces e ás carreiras outras, polo que sería ese estatuto teórico seu (para qué serve esta peza, cál é a súa función no complexo mecanismo que é a gramática), como aquilo que se dá tacitamente por sabido ou cando menos enxergado. Déixase paso así a un tratamento fundamentalmente descritivista do fenómeno, na procura dunha taxonomía dos seus usos en que, na fin de contas, as excepcións acaban por ser enormemente máis prolixas que as regras e, o que é peor, apuntan perigosamente á mesma liña de flotación das noções funcionais que se presumían solidamente asentadas sobre os alicerces da concordancia.

\* A elaboración do presente traballo beneficiouse dunha bolsa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia concedida para a miña estada na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa durante o ano académico 91-92, a cal enriqueceu o contido do aquí exposto. Debo agradecer-las interesantes observacións (das que se cadra non tirei todo o proveito que debía) achegadas en particular pola Prof. Inês Silva Duarte, do Departamento de Lingüística Geral daquela universidade, así como as dos meus compañeiros de Departamento Xavier Varela e Xosé Luís Regueira, feitas sempre sobre redaccións previas do traballo. En calquera caso ningún deles é responsable, obviamente, dos erros que aínda persistan.

Non nos interesan aquí nin o complexo aspecto descriptivo da concordancia (“materia de las más difíciles para él que se proponga reducir el uso a cánones precisos”, que dicía Bello) nin as consideracións máis ou menos prescritivas que acompañan sempre a tanta excepción e tanta licencia. Non pretendo discutir aquí, a respecto destas últimas, a súa necesidade no camiño do establecemento dun modelo uniforme de lingua estándar, pero sexan cales sexan as opcións prescritas pola norma, elas serán a fin de contas sempre arbitrarias e culturalmente condicionadas<sup>1</sup>.

Ultrapasando o nivel descriptivo e atinxindo un notable grao de adecuación explicativa, podemos atopar destacadas monografías sobre o tema (como a de Tondo 1978, para o portugués), que dan boa conta do funcionamento do mecanismo da concordancia, coa súa complexidade, de xeito que chegamos a facer unha idea aceptable de como funciona, pero seguimos sen saber de certo para que serve...

As respostas habituais a ese “para que serve” baséanse sempre sobre os comportamentos “normais” da concordancia, de xeito que tódalas concordancias “anómalas” presentan, e non por casualidade, o común denominador de contradiciren a que se presupuña función da concordancia. Por ese carácter incordiante que amosan de seu no aparello gramatical, estas anomalías teñen sido nomeadas “discordancias” ou, tamén, concordancias “discordantes”.

Reparemos no aparello argumentativo ó uso. Tradicionalmente véñse considerando a concordancia verbal como o procedemento básico, ou mesmo único, de identificación da función suxeito. Agora ben, se anomalamente falla tal concordancia iso non quere dicir que o suxeito deixe de ser suxeito... Simplificando esquemas argumentais, moitas veces lemos que, en última instancia, “hai suxeito porque hai concordancia; pero se non hai concordancia o suxeito séguese habendo igual”, ou aínda formulacións do tipo “o suxeito é o elemento que concorda co verbo; pero ás veces o verbo concorda estrañamente co, poñamos, complemento directo e non co suxeito”. Claro está que isto vén convenientemente arranxado coa introdución de novos “tipos” de concordancia: concordancia mental ou *ad sensum*, fronte á gramatical ou propia. Estamos perante un proceso de emenda (ou remendo) terminolóxico-conceptual parello ó que na noción de suxeito supón o engadimento dos “tipos” de suxeito axente, paciente, psicolóxico, etc., fronte ó gramatical, cando se sobrepoñen e pretenden facer casar trazos de carácter heteroxéneo para definilo, dando lugar a unha amálgama de moitas cousas distintas que só dun xeito moi precario se poden concebir como unha noción unitaria.

1 Cando, por exemplo, Almeida Torres (1981), pretendendo facer unha Gramática Expositiva da lingua portuguesa, exclúe a construción do tipo *houberon festas* das regras de concordancia para incluíla no capítulo dos vicios da linguaxe, como solecismo, está simplemente reflectindo unha determinada opción social de lingua culta, que podería ter operado sen máis en sentido inverso; o que, por certo, xa resulta dificilmente sostible é que sitúe no mesmo plano tal construción (ou a tan común en galego *vou na cidade*, non consagrada no portugués padrón) xunto con erros sintácticos -por tanto erros de gramática e non opcións de norma- como “*espero que você telefone-me*” (1981, p. 327). ¿E acaso debemos lembra-la teimuda controversia acerca de se o “correcto” é dicir *alúgase casas* ou *alúganse casas*, en que os argumentos normativos esgrimidos pousan veladamente sobre preconceitos gramaticais dos intervinientes relativos a aspectos totalmente tanxenciais ó tema en cuestión, tales como o carácter diatético que se lle quere presupor á construción pronominal?

Coas consideracións precedentes pretendo centra-lo obxecto deste traballo, que para nada pretende ser un estudio do complexo funcionamento da concordancia verbal nin un relatorio explicativo das moitas supostas anomalías de concordancia. O que se procura é un achegamento á función da concordancia verbal en galego que abranga no seu seo eses comportamentos particulares, que daquela deixarían de ser “discordiantes”. A tal efecto optei por aborda-lo tema precisamente a partir destes usos menos canónicos, para evitar chegar, marxinándoos, a conclusións das que eles mesmos se convertan en doados contraexemplos.

## 1. FUNCION DA CONCORDANCIA: FORMULACION DA HIPOTESE E EXTENSION DO FENOMENO.

Pretendo desenvolve-la presente revisión do tema das concordancias verbais no seo dun marco máis comprensivo do que adoito se acostuma; máis comprensivo na dobre dimensión de abranguer nel por unha banda as concordancias *stricto sensu* ditas anómalas (do tipo das que exemplifican as construcións [1-5], máis abaixo) e por outra na de dar conta dentro dese mesmo marco doutras “discordancias” conexas, aínda que polo xeral non vencelladas a aquelas (pénsese no comportamento dos clíticos en usos como os dos exemplos [6-7] desde a perspectiva do seu valor funcional):

- [1] Houberon/houbo festas.
- [2] Alúgase/alúganse casas.
- [3] Esa xente de que falas son malísimos.
- [4] Un grupo de alumnos están de excursión.
- [5] O vento e a xeadada causou grandes perdas.
- [6] (Os nenos) aí os van.
- [7] (As nenas) desde alí non se lles vía.

A liña argumentatoria coa que pretendo desenvolve-lo tema en cuestión aséntase sobre as dúas seguintes bases, estreitamente ligadas entre si: a) concordancia e pronominalización non son procedementos gramaticais distintos e b) a función primordial da concordancia non é a marcaxe de función sintáctica. Reparemos a seguir sumariamente nos fundamentos, implicacións e alcance de tales postulados.

1.1. Existen abundantes evidencias tanto sincrónicas como diacrónicas que, a través da gramática histórica e da lingüística comparada, fundamentan con certeza a hipótese de seren concordancia e pronominalización un único fenómeno, esencialmente homoxéneo. Segundo isto podemos afirmar que o que analizamos como morfemas de concordancia non son nas súas orixes senón antigos pronomes (v., p. ex., Martinet 1986, pp. 203, 211), cunha función por tanto anafórica ou deíctica, que perderon a súa autonomía e gramaticalizáronse incorporándose ó verbo (no propio proceso de constituírse este como tal) como afixos ou como clíticos. Deste xeito chegaron a ser interpretados como morfemas verbais de concordancia no caso de resultaren aglutinados ó núcleo verbal (non así polo xeral no caso de mantérense como clíticos).

Talmy Givón (1976) demostrou o carácter orixinalmente pronominal da concordancia, concebida hoxe como marca de función, partindo dunha primitiva concordancia-marca de tópico e mediante un proceso de reanálise: toma como punto de partida construcións de tópico marcado (*topic-shift*) en que a FN topicalizada presenta no entorno verbal un pronome anafórico correferencial co tópico (concordancia de tópico), construcións estas orixinalmente marcadas que, mediante un espallamento do seu uso, acaban por ser reanalizadas en termos de sintaxe neutral, non-marcada, coa conseguinte reanálise do tópico-marcado como suxeito (=tópico non-marcado) e asemade do pronome anafórico de concordancia de tópico como morfema verbal de concordancia de suxeito (ou de obxecto no seu caso). Isto é, mantendo os exemplos do autor (pp. 155, 157):

- [9] The man, he came      => The man he-came.  
       TOP    PRO                    SUX   CONC
- [13] The man, I saw him      => I saw him, the man      => I saw-him the man.

Do estado de cousas deseñado no que precede despréndese como corolario, entre outros, os dous seguintes asertos que interesa poñer en xogo e desenvolver para o tema que nos ocupa: a) as linguas cun sistema de concordancia rico e desenvolvido son linguas con ocorrencia de suxeito nulo (omisión do argumento léxico que desempeña a función de SUX) e b) dentro da noción de sistema de concordancia debe comprenderse a denominada “flexión obxectiva” (de onde a función dos clíticos como habilitadores da posible omisión dos argumentos léxicos correspondentes ás funcións de complemento -CDIR, CIND).

En efecto, resulta manifestación aínda bastante transparente do carácter pronominal da concordancia o fenómeno da ocorrencia de categorías baleiras na posición de suxeito, o chamado suxeito nulo, fenómeno que aparece vencellado, como condición necesaria, á posesión por tales linguas de suxeito nulo dunha flexión verbal rica abondo como para permitir recupera-la información gramatical elidida pola omisión do suxeito pleno. Estamos a falar por tanto de linguas cun conxunto de desinencias verbais talmente rica (i. e., non desgastada) que “podendo conter información de persoa e número, permite por isso dispensar a utilización de un pronome suxeito” (Matos e Duarte 1984, p. 491, no rastro de Taraldsen 1980; v. tamén Hernanz e Brucart 1987, p. 128). Estamos, en definitiva, perante unha dispensa do suxeito léxico que devén da identificabilidade do primitivo carácter pronominal da flexión, da persistencia da súa función deíctica<sup>2</sup>.

De xeito parello á ocorrencia de suxeitos baleiros, a omisión de argumentos léxicos correspondentes ás funcións de complementos atópase tamén limitada pola existencia dalgún tipo de mecanismo compensatorio que permita a recuperabilidade da información omitida. O consabido caso de linguas que, como o eusquera, presentan na súa flexión verbal formas de

<sup>2</sup> Apurando esta liña de argumentación E. Doron (1988) chega a nega-la existencia de linguas de suxeito nulo por vía de identifica-la complementariedade da flexión e o suxeito pleno precisamente a partir da consideración da flexión como un pronome suxeito incorporado ó verbo.

concordancia cos complementos do verbo, ademais de co suxeito, sitúa a ocorrencia de categorías baleiras de complemento en perfecto paralelismo coas de suxeito. Certo é que as linguas indoeuropeas carecen de semellante riqueza na flexión verbal. Pero non é menos certo que, como xa hai ben anos suxeriu R. Lenz (1920, pp. 104-105), as linguas romances, fronte ó que ocorría en latín, situáronse evolutivamente no camiño de habilitaren os pronomes de complemento como un mecanismo similar de flexión obxectiva, clitizándoos, e de aí mesmamente aínda no de chegaren a funcionar como morfemas verbais de concordancia V-COMP (parellamente ós morfemas flexivos número-persoais, de concordancia V-SUX) a través do progresivo espallamento das construcións denominadas de redobro de clítico<sup>3</sup>. En definitiva, flexión número-persoal e clíticos constitúen un único procedemento, ambos de base igualmente pronominal, correspondentes a estadios evolutivos distintos do mecanismo unitario que é a concordancia.

1.2. En congruencia co carácter pronominal da concordancia, concebida no senso lato que acabamos de referir, atópase o segundo dos postulados presentados no comezo desta alínea como alicerces da liña argumentatoria do tema que estamos a desenvolver: a concordancia non ten como función primordial a marcaxe de función sintáctica, opostamente ó que se tende a considerar. Ben ó contrario, e en boa consonancia co carácter pronominal que presenta, podemos afirmar (parafraseando a Lehmann 1982, 1988) que a súa función orixinaria e básica é a de reidentificar referentes presentados plenamente especificados noutro lugar do discurso ou na situación comunicativa, identificación que se realiza abreviadamente, por razóns lóxicas e de economía lingüística, achegando determinada información das propiedades gramaticais do referente (número e persoa, eventualmente xénero e caso) a través duns soportes pronominais que acaban sendo identificados como morfemas de concordancia. Trátase por tanto dun procedemento de carácter referencial, de índole deíctica, un recurso de cohesión, en definitiva.

<sup>3</sup> Cando un clítico aparece vencellado a unha posición argumental lexicamente realizada fálase de redobro de clítico (*clitic doubling*): o elemento nominal ocupa a súa posición como argumento da predicación e o clítico redóbrao, superando o estadio previo de distribución complementaria entre ambos. É o punto de chegada da evolución proposta por Givón (*I saw-him the man*, supra). As diversas linguas románicas presentan estadios evolutivos diferentes, se ben maioritariamente non ultrapasan a fase de clitización con distribución complementaria. Si o fai o galego, que amosa un considerable espallamento das construcións de redobro de clítico relativamente á súa situación medieval en que, aínda que xa abrochan, son claramente minoritarias (cf. *a Locario caeu o rrey no de Eytalia* [CG 19, 34], gal. mod. *a Locario correspondeulle o reino de Italia*). Pola contra o portugués mantén unha situación máis conservadora pois a FN redobrada só pode ser un pronominal: *vi-a a ela, vi-os a todos, pero dei'-lhe o libro ao João* (Matos e Duarte 1984). Situación aparentemente máis recuada aínda presenta o francés (*\*je l'ai vue elle*). O español sitúase á cabeza do proceso, sobre todo considerado dialectalmente, como amosa o redobro de clítico de CDIR xeralizado no castelán de Río de la Plata: *lo vimos a Guille*, preferible a *vimos a Guille* (Jaeggli 1982, p. 14). Trátase en realidade dunha doada reanálise, por espallamento e desgaste de uso, dunha construción marcada con reformulación sobrevida (*afterthought shift*) existente como tal nas outras linguas, e no propio español estándar: *vino, a Xoán / vi-o, ao João / lo vi, a Juan / je l'ai vu, Jean...*

Acontece que a recorrente contigüidade de referente e elemento pronominal de concordancia nunha mesma construción sintáctica acaba por provocar que “the original semantic function of representing a referent becomes less imperative and is gradually changed into a grammatical function, namely that of signalling that what the presupposed syntactic relation relates to is the referent NP” (Lehmann 1988, p. 62). Xorde así eventualmente o papel da concordancia como un dos elementos intervinientes na identificación de certos tipos de relacións sintácticas, especificamente de determinadas funcións sintácticas. Pero trátase en definitiva, repárese ben, dunha función derivada da primaria de carácter referencial que subsiste como tal función básica en toda a súa integridade, sen verse sequera totalmente sobreposta pola nova, a pesar da gramaticalización dos pronomes como afixos de concordancia.

## 2. CONCORDANCIA E PROCEDEMENTOS DE MARCAXE DE FUNCION SINTACTICA.

Visto o carácter derivado e inespecífico da concordancia en tanto que mecanismo de marcaxe de funcións sintácticas, cómpre demorarse un anaco na determinación do estatuto que ela presenta dentro do conxunto de procedementos de asignación de tales funcións. Distinguiremos tres posibles mecanismos de expresión (na substancia do significante) das relacións existentes entre constituíntes no seo dos seus constitutos (i. e., das funcións sintácticas, formas de significante)<sup>4</sup>:

a. *Concordancia*: adxunción, ó verbo, de morfemas (afixos ou clíticos) de natureza pronominal apuntando ás relacións existentes entre o predicado e os seus argumentos, pero cunha función primariamente non relacional, senón referencial. Responde por tanto este mecanismo a unha estratexia *cohesiva*.

b. *Marca de caso*: adxunción, á FN correspondente a un argumento da predicación, de morfemas (desinencias ou adposicións -preposicións en galego) de natureza non pronominal, informando do tipo de relación que ese argumento mantén no seo do seu constituto. Responde a unha estratexia propiamente *relacional*.

c. *Orde de palabras*: procedemento de índole distribucional (fronte ás anteriores, de carácter morfolóxico) que responde esencialmente a unha estratexia *informativa*, dependendo

<sup>4</sup> Cf. Croft (1988). Trátase dunha abordaxe do procedemento de asignación de funcións sintácticas en certa medida restrictiva, que choca con outras máis descritivistas e/ou cunha concepción menos discreta das funcións sintácticas. Desde a óptica aquí adoptada (que considero a máis axeitada para a *exposición* -que non para a indagación- do funcionamento de *unha* lingua natural en particular -non para o caso dunha tipoloxía de linguas ou unha gramática universal) temos que limitarnos ás propiedades características desas funcións no plano da expresión, dada a concepción da función sintáctica como forma do significante (cf. Rojo 1979), non debendo por tanto tomar en consideración nin propiedades semánticas (do tipo do carácter axente do suxeito, p. ex.) nin determinados comportamentos sintácticos (operacións do tipo de certas interrogacións, pasivizacións, construción de estruturas clivadas ou pseudo-clivadas) que non constitúen propiedades características das funcións senón tests de verificación, por tanto cunha función de control dos individuos do conxunto (en tanto que tales comportamentos veñen determinados polas propiedades que o definen) pero non de delimitación da súa extensión (Cf. Mateus *et al.* 1983, pp. 223-224, n. 7).

das intencións comunicativas do emisor (repárese tamén no sinalado en n. 5, *infra*, acerca da entoación).

Os tres tipos de procedementos de marca de función sintáctica operan en cada lingua dun xeito peculiar pero sempre cun carácter mutuamente subsidiario, con certa tendencia, -bastante matizada, salientese- á distribución complementaria; pero unicamente o segundo, a marca de caso, é un procedemento específico, isto é, que responde esencialmente, e non dun xeito secundario, a unha estratexia de marcaxe de relacións funcionais.

2.1. A orde de palabras presenta en galego un carácter fortemente accesorio como marcador de funcións sintácticas (fronte ó que ocorre noutras linguas próximas, como o francés). Substancialmente responde á organización informativa da predicación, dentro do sistema da tematización, de xeito que a súa eventual habilitación como marcador de funcións sintácticas baséase empiricamente no carácter habitualmente temático do SUX, e por tanto remático dos argumentos COMP. Pero trátase só dunha tendencia, de xeito que, p. ex., non podemos soste-ter que o carácter temático dun argumento sexa unha propiedade inherente á función sintáctica SUX. Quere isto dicir que nunha lingua, como o galego, do tipo SVO, se ben cunha orde de palabras relativamente libre, son frecuentes as alteracións desa distribución-tipo, como as que exemplifican a posposición de SUX, perfectamente natural, de [8] ou mesmo a agramaticalidade dunha construción como a de [9], con SUX preverbal:

[8] Chegou o tren.

[9] \*Xente rara veu.

Brito e Duarte (1982), de quen adaptamos estes exemplos, desmostran como a posposición de SUX, e aínda a eventual agramaticalidade da súa anteposición, dependen do seu carácter non-temático (*não-topicalidade*), estando mesmo a súa posición específica tras V determinada pola función informativa que desempeña na oración (v. as súas hipóteses [70] e [72]). A alteración da orde de palabras maioritaria está por tanto informativamente condicionada e non supón ningunha merma ou interacción coas características que delimitan as funcións sintácticas como tales (os suxeitos pospostos, p. ex., non comportan “perda” de propiedades de SUX).

A pesar de responder a unha estratexia informativa e do seu carácter fortemente accesorio como marcador de funcións sintácticas, en ocasións a orde de palabras convértese no procedemento dirimidor na identificación das mesmas, con carácter supletorio verbo dos outros procedementos. Tal é o caso de [10], en que, dada a inoperancia identificadora de concordancia e marca de caso, é a orde dos argumentos quen lle asigna á primeira FN a función de SUX e á segunda a de CDIR. A secuencia de variantes distribucionais [10-14] presenta un bo exemplo do carácter mutuamente subsidiario con que actúan os tres procedementos distinguidos:

[10] Os romanos derrotaron os cartaxineses.

[11] Os cartaxineses derrotáronos os romanos.

[12] ?Aos cartaxineses derrotáronos os romanos.

[13] Os romanos aos cartaxineses derrotáronos.

[14] Derrotaron os romanos aos cartaxineses.

O exemplo [10] amosa unha concordancia número-persoal ambivalente con ausencia de marca de caso, polo que é a orde de elementos quen lle asigna a FN<sub>1</sub> a función de SUX e a FN<sub>2</sub> a de CDIR. En caso de inversión de argumentos [11] aparece como procedemento dirimidor a concordancia de clítico, que só se manifesta en caso de anteposición de CDIR movido a posición temática, como en [11-13]<sup>5</sup>. Este procedemento de concordancia resulta suficiente para a identificación inequívoca de funcións, de xeito que é sentida como fortemente inaceptable a innecesaria introducción dunha hipercharacterizadora marca de caso, como en [12]. Sen embargo, cando aparecen as dúas FFNN quer en prosición preverbal [13] quer en posverbal [14], a FN<sub>2</sub> aparece identificada como CDIR a través dunha inexcusable marca de caso (prep. *a*), que aparece unicamente como elemento desambiguador, para que non poida ser interpretada como SUX, toda vez que concordancia e orde de palabras non o impedirían e o seu trazo [+humano] así o favorecería.

2.2. Tampouco a concordancia (número-persoal e de clíticos) constitúe, segundo queda visto, un mecanismo que responda primaria e especificamente a unha estratexia de marcaxe de funcións sintácticas, de onde se derivan -tal e como se sostén aquí- as múltiples “anomalías” de concordancia que nos ocupan e a súa información contradictoria en termos de identificación de funcións sintácticas. Lembrémo-lo caso das concordancias alternantes nas construcións pronominais -como a que exemplifica [15]- das que me teño ocupado noutro lugar (Cidrás 1991) considerando tales construcións como sintacticamente indeterminadas -i.e., non consolidadas uniformemente en canto ó proceso de asignación de funcións sintácticas. Compárese o que sucede por contra en [16]:

[15] Alúgase casas / Alúganse casas.

[16] Avisouse a tódolos afectados / \*Avisáronse a tódolos afectados.

<sup>5</sup> Non poden considerarse contraevidencia do exposto exemplos, máis ben esporádicos, do tipo dos do coñecido verso de C.E. Ferreiro *a miña mau che dou* (“Irmaus”, *LNP*), en que non aparece o clítico (*a*) correspondente ó CDIR dislocado a posición pre-verbal. Trátase dun movemento de carácter non-temático: repárese en que o punto de partida da mensaxe, aquilo de que se está a falar inmediatamente antes no poema, non é *a miña mau* senón que, ó contrario, ese elemento é a información nova, presentada eventualmente en posición inicial como foco marcado. Este carácter focal e non-temático demostrao asemade a anteposición do clítico de CIND: cf. a agramaticalidade de *\*o libro llo din* (<-¿que fixeches co libro?) fronte a *o libro lle llo din* (foco en negriñas), gramatical -aínda que con sintaxe marcada- como resposta a unha pregunta do tipo *¿que lle deches?* É posible, pois, baixo determinadas situacións comunicativas, unha variante [11'] *os cartaxineses derrotaron os romanos*, sen concordancia de clítico, en que a entoación dirime na marcaxe de funcións sintácticas, subsidiando unha ordenación de palabras desarraxada por unha dislocación anómala. Cómpre por tanto recoñecerlle á entoación o seu rol, aínda que marxinal, na marcaxe de funcións sintácticas como mecanismo subsidiario da orde de palabras.

Fronte ó comportamento contradictorio da concordancia en tanto que marcador de función sintáctica en [15], cando o elemento nominal da construción pronominal leva marca de caso desaparece a duplicidade de concordancia, rematándose así a indeterminación na asignación de funcións sintácticas común ó resto das construcións pronominais (co elemento nominal non preposicionado). A fin deste estado de cousas ten que ver coa entrada en xogo dun procedemento específico de marcaxe de relacións sintácticas -a marca de caso- que remata coa indeterminación dun mecanismo como a concordancia, inespecífico a tal efecto.

2.3. A marca de caso vén ser, por tanto, o único dos procedementos vistos que garante a determinación inequívoca das relacións sintácticas, i. e., a univocidade na marcaxe de relacións entre os elementos da predicación. Determinación que devén obviamente do feito de tratarse dun mecanismo deseñado de xeito específico para tal mester, o único que responde de seu a unha estratexia propiamente relacional. Agora ben, dentro do marco sinalado da interdependencia dos procedementos en cuestión, cómpre salientar, fronte á especificidade da marca de caso como mecanismo relacional, a súa escasa pertinencia como procedemento delimitador de funcións sintácticas propiamente ditas. En efecto, a marca de caso tende a reservarse nas linguas naturais para a marcaxe das relacións máis periféricas á predicación. Emprégase polo xeral tal procedemento naqueles argumentos -funcións semánticas- cunha menor (ou aínda nula) posibilidade de asignación de diferentes funcións sintácticas, é dicir, como marca daquelas relacións entre argumentos dotadas dun carácter máis propiamente semántico; por tanto menos gramaticalizado, menos estrictamente funcións sintácticas.

Considérese a seguinte xerarquía de funcións sintácticas habitualmente ponderada: SUX > CDIR > CIND > OBL. Tal e como diferentes lingüistas teñen sinalado -Moravcsik (1974, 1988), Lehmann (1982, 1988), Croft (1988) entre outros-, o estudio de diferentes tipoloxías translingüísticas demostra que a devandita prelación de funcións resulta sensible, entre outras moitas operacións sintácticas de notoria relevancia, á marcaxe de relacións, de xeito tal que se deseña unha clara tendencia á complementariedade entre os mecanismos da concordancia e a marca de caso, afondando no seu carácter mutuamente subsidiario. En efecto, como amosa a lingüística xeral e exemplifica particularmente para o caso o comportamento sintáctico do galego, a concordancia é un mecanismo asociado ó límite superior da devandita xerarquía, por tanto que tende a ser empregado na marcaxe das relacións máis á esquerda na escala, mentres que a marca de caso aparece asociada ó límite inferior da mesma, tendendo a aparecer máis sistematicamente a medida que debemos marcar relacións situadas máis á dereita. Así en galego a concordancia número-persoal aparece como marca omnipresente de SUX, os clíticos, como morfemas de concordancia marcadores das funcións CDIR e CIND, aparecen especificados só baixo determinadas condicións, e non hai ningún tipo de concordancia cos complementos oblicuos (OBL). Inversamente, a marca de caso aparece sempre como índice destes últimos, con diferentes preposicións achegando información da carga semántica das relacións, mentres que para o CIND se emprega como marca a preposición de contido máis neutro (*a*), a mesma que en determinados casos de ambigüidade sintáctica apa-

rece introducindo o CDIR, como restricta marca de non-suxeito, habida conta de que nunca o SUX pode levar preposición ningunha como marca de caso.

Vemos pois como concordancia e marca de caso, en tanto que mecanismos converxentes no sistema de marcaxe de relacións sintácticas, operan cunha sensible tendencia á complementariedade, aínda que sen chegaren nunca a presentar unha distribución complementaria propiamente dita, como demostra o feito de concorreren no segmento intermedio da escala. Esta matizada complementariedade resulta asemade congruente co carácter máis ou menos específico da estratexia a que responden ámbolos mecanismos en cuestión: a concordancia, como procedemento inespecífico ó efecto, resérvase para a marcaxe daquelas relacións máis doadamente identificables, as máis centrais á predicación, as máis gramaticalizadas e por tanto as semanticamente máis neutras, dado que poden corresponder a diferentes argumentos (funcións semánticas) e non a un só. Pola contra, a marca de caso, en tanto que procedemento especificamente relacional, vaise empregar na marcaxe daquelas relacións que, por seren menos doadamente identificables, precisan ser construídas cunha marca que dea información específica do tipo de relación de que se trata; emprégase por tanto como índice das relacións semanticamente máis ricas, das menos gramaticalizadas, aquelas que se corresponden perfectamente con cadansúa función semántica, polo que non poden ser tidas como funcións sintácticas propiamente ditas (Lehmann 1988, pp. 63-64; Croft 1988, pp. 167-169).

### 3. A “DISCORDANCIA” COMO CONCORDANCIA ORIXINARIA.

Unha vez posta de manifesto a base primordialmente referencial da concordancia e traexado o seu funcionamento operativo como mecanismo habilitado subsidiariamente para unha función relacional, en concorrencia con outros procedementos, cómpre voltarmos de novo ás construcións que fundamentalmente nos ocupan, as concordancias “discordantes” de que pretendemos dar conta. En efecto, as consideracións previas fornecen, ó meu ver, un marco axeitado para a reconsideración de tales concordancias como falsamente discordantes, presentando un cadro teórico que explica coherente e uniformemente comportamentos de morfemas número-persoais e de clícticos como os amosados ó comezo no exemplario [1-7].

Parece fóra de cuestión a incompatibilidade que co exposto amosan tradicionais concepcións de concordancia como un fenómeno de “solidariedade de morfemas” ou “conformidade de flexión” entre palabras relacionadas sintacticamente. Tales concepcións remiten a un suposto procedemento de coindexación mediante parellas de partículas fónicas correferenciais adxuntas ó verbo e á respectiva FN, o que deseñaría un tipo de estratexia relacional. Ben ó contrario, concebida como un procedemento de reidentificación de referentes, conforme foi presentada máis arriba, a concordancia debe ser descrita no seu funcionamento en termos de “solidariedade de trazos semánticos”: habíltanse pronomes, finalmente afixados ó

contorno verbal, que copian determinados trazos semánticos do referente escusando dese xeito a súa reiteración léxica<sup>6</sup>.

A posterior gramaticalización de tales pronomes reanalizándoos como morfemas de concordancia e a conseguinte habilitación desta como marcadora de funcións sintácticas non supoñen a desfeita da primitiva funcionalidade referencial. Ese é o común denominador de tódalas concordancias ditas “discordantes”: constitúen testemuños aínda rendibles de como a primitiva función pronominal de reidentificar referentes se sobrepoñen sobre a gramaticalizada de identificar funcións sintácticas.

En efecto, a batería de exemplos presentada en [1-7] *supra*, o mesmo que en xeral tódalas ocorrencias de concordancias anómalas (tanto de morfemas número-persoais como de clíticos) explícanse como casos de bloqueo da concordancia como procedemento -inespecífico- de marcaxe de función sintáctica, que deixan ó descuberto a súa primitiva (e sempre persistente) función deíctica, referencial. A prevalencia desa función, i. e., a copia dos trazos semánticos do referente e non dos sintácticos, é o que dá como produto construcións do tipo das que nos ocupan. Por tanto non se lles pode atribuír pertinencia ós morfemas flexivos número-persoais de [1-5] á hora de identifica-la FN SUX, nin ós clíticos *os*, *lles* de [6-7] como marcadores das funcións sintácticas CDIR e CIND, senón unicamente como reidentificados dunha FN presentada en anáfora ou en catáfora, ou implicitamente na situación comunicativa. Pero dado que esa é a función primordial da concordancia, a que dá especificamente conta dela como procedemento gramatical (de carácter cohesivo, non propiamente relacional), non se poden considerar en absoluto tales comportamentos como anómalos, e moito menos discordantes, pois responden dun xeito plenamente harmónico á súa función específica.

O tema do desaxuste na marca de función sintáctica que estas construcións presentan é algo obvio, pero non pode ser visto como un problema *stricto sensu* de concordancia senón que cómpre consideralo conxuntamente cos outros mecanismos de marcaxe de tales funcións, dado o carácter mutuamente accesorio con que operan. É un feito que a identificación de funcións sintácticas asignadas ós argumentos destas construcións resulta polo xeral garantida a

<sup>6</sup> Claro está que eses trazos que se copian do referente non son de carácter léxico, pois obviamente tal non suporía economía ningunha, pero si que fan primixeniamente referencia a determinadas propiedades desas entidades na realidade extralingüística. Estes trazos non-léxicos copiados (en galego, número, persoa e xénero) acaban por ser gramaticalizados como morfemas de significado lingüístico, non-referencial. A transición dun a outro estadio non resulta en principio traumática dada a maioritaria contigüidade “espontánea” entre os accidentes e as categorizacións da realidade extralingüística que pretendidamente reflecten. Pero alén desa avaliación cuantitativa existe unha mudanza cualitativa fundamental: a gramaticalización converte en arbitraria a primitiva relación “natural” destas categorías con determinados contidos referenciais. Conságrase así a ruptura entre os denominados xénero ou número naturais e gramaticais (aqueles cun significado referencial debido extralingüístico, estes cun significado lingüístico non-referencial) a pesar do maioritario paralelismo entre uns e outros. Pero tal paralelismo resulta, desde un punto de vista sincrónico, sempre potencialmente enganoso -pois trátase agora dunha relación arbitraria e convencional- e con certa frecuencia simplemente falso (cf., nos exemplos [4] e [5], *xente* e *grupo*, palabras gramaticalmente singulares que fan referencia a unha pluralidade/diversidade de individuos).

través doutros procedementos concorrentes. E en definitiva se nalgún caso nin a interacción de todos eles dá garantido tal asignación (como é ó meu ver o caso das construcións pronominais sen marca de caso) non se pode dicir que esteamos ante un simple problema de concordancia, senón ante un problema de indeterminación dos esquemas de funcións sintácticas, o que é, de certo, outro problema.

En definitiva, concluíndo, considero que a caracterización da concordancia que acabamos de revisar resulta adecuada e satisfactoria tanto en termos xerais, concebida no seo do sistema de posibilidades disponibles para a marcaxe de funcións sintácticas, como en particular para explica-lo fenómeno das construcións habitualmente referidas como “discordantes”, presentando a respecto destas últimas cando menos as seguintes vantaxes no seu prol:

a) A hipótese deseñada elimina a sempre incómoda noción de discordancia, sometendo tales construcións a unha cobertura teórica común a tódalas construcións de concordancia;

b) asemade presenta un maior alcance relativamente á caracterización tradicional ó comprender axeitadamente dentro dela construcións con “anomalías” de clíticos que, presentando unha problemática parella ás dos morfemas de número-persoa, non se vencellaban con elas;

c) resulta congruente coas evidencias diacrónicas e translingüísticas que sustentan o carácter pronominal, por tanto déctico e non relacional, da concordancia no senso amplo do termo que aquí se emprega; e

d) en definitiva, resulta congruente, a unha menor escala diacrónica, coa evidencia histórica de estarmos perante un fenómeno que presenta maiores niveis de ocorrencia a medida que o procuramos en estadios máis pretéritos da lingua<sup>7</sup>: trátase dun fenómeno en proceso de restricción, i. e., en progresivas vías de gramaticalización, na que a función relacional -de carácter derivado, non primitiva- se vai sobrepoñendo cada vez máis sobre a orixinal estratexia referencial, de xeito que a norma vai deixando cada vez menores regañas polas que ollar embaixo a sempre persistente función primixenia.

<sup>7</sup> “No sistema da concordância dá-se precisamente o contrario do que sucede en outros domínios da historia do idioma: os exemplos da lingua antiga autorizam as maiores irregularidades da lingua moderna. Qualquer dos exemplos de construção irregular por nós apresentados é verdadeiramente inofensivo, se o compararmos às audácias dos escritores bem vernáculos dos séculos XVI e XVII” (Lapa 1945, pp. 217-218). Véxase, a respecto das audacias de “discordancia” verbal no español medieval, J. England (1976).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barlow, M. e Ch. A. Ferguson (1988) (eds.): *Agreement in Natural Language. Approaches, Theories, Descriptions*. Stanford, CSLI.
- Brito, A. M. e I. Silva Duarte, (1982): “Condições sobre posposição do sujeito em português”, en *Boletim de Filologia* 27, 191-253.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1991): “As construcións pronominais en galego. Proposta de caracterización e clasificación”, en M. Brea e F. Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó Profesor Constantino García*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, I, 101-121.
- Croft, W. (1988): “Agreement vs. Case Marking and Direct Objects”, en Barlow e Ferguson (eds.) (1988), 159-179.
- Doron, E. (1988): “On the Complementarity of Subject and Subject-Verb Agreement”, en Barlow e Ferguson (eds.) (1988), 201-218.
- England, J. (1976): “*Dixo Rachel e Vidas*: Subject-Verb Agreement in Old Spanish”, en *The Modern Language Review* 71, 812-826.
- Givón, T. (1976): “Topic, Pronoun and Grammatical Agreement”, en Ch. N. Li (ed.): *Subject and Topic*. New York, Academic Press, 151-188.
- Hernanz, M. L. e J. M. Brucart (1987): *La sintaxis. I. Principios teóricos. La oración simple*. Barcelona, Crítica.
- Jaeggli, O. (1982): *Topics in Romance Syntax*, Dordrecht, Foris.
- Lapa, M. Rodrigues (1945): *Estilística da Língua Portuguesa*. Seara Nova, Lisboa. Cito pola 10ª edición, revista e actualizada, Coimbra, Coimbra Ed., 1979.
- Lehmann, C. (1982): “Universal and typological aspects of agreement”, en H. Seiler e F. J. Stachowiak (eds.): *Apprehension: das sprachliche Erfassen von Gegenständen*. Teil II, 201-267, Tübingen, Gunther Narr.
- Lehmann, C. (1988): “On the Function of Agreement”, en Barlow e Ferguson (eds.) (1988), 55-65.
- Lenz, R. (1920): *La oración y sus partes. Estudios de gramática general y castellana*. Madrid, Publicaciones de la R.F.E. Cito pola 3ª edición, 1935.
- Martinet, A. (1986): *Des steppes aux océans. L'indo-européen et les "indo-européens"*. Paris, Payot.
- Mateus, M. H. Mira, A. Brito, I. Duarte e I. Faria (1983): *Gramática da Língua Portuguesa. Elementos para a descrição da estrutura, funcionamento e uso do Português actual*. Coimbra, Almedina.
- Matos, G. Ardisson e I. Silva Duarte (1984): “Clíticos e sujeito nulo no português: contribuições para uma teoria de *pro*”, en *Boletim de Filologia* 29, 479-538.
- Moravcsik, E. (1974): “Object-verb agreement”, en *Working Papers in Language Universals* 15, pp. 25-40. Department of Linguistics, Stanford University.
- Moravcsik, E. (1988): “Agreement and Markedness”, en Barlow e Ferguson (eds.) (1988), 89-106.
- Rojo, G. (1979): “La función sintáctica como forma de significante”, en *Verba* 6, 107-151.
- Taraldsen, K. T. (1980): *On the NIC, Vacuous Application and the that-trace Filter*. Bloomington, Indiana University Linguistics Club.
- Tondo, N. Vellinho (1978): *Sintaxe e semântica da concordância verbal*. Porto Alegre, Sulina.
- Torres, A. de Almeida (1981): *Moderna Gramática Expositiva da Língua Portuguesa*. 25ª ed. actualizada e ampliada. São Paulo, Martins Fontes.